



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: III Curso para a obtención do diploma de inspección de servizos da Xunta de Galicia.

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	150
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	1995
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O presente curso ten por obxecto ofrecer a formación específica e os coñecementos prácticos necesarios que garanten que os que o superen reúnan as esixencias de idoneidade necesarias para poder acceder, se é o caso, ós postos de traballo correspondentes a inspectores e subinspectores de servizos.

DESTINATARIOS

De acordo co disposto no artigo 3 da Orde do 6 de maio de 1992, poderán solicita-la súa participación no curso os funcionarios que, con referencia ó último día do prazo de presentación de instancias, posúan os seguintes requisitos:

- a) Pertencer ó corpo ou escala dos grupos A ou B de calquera Administración pública.
- b) Estar en situación de servizo activo ou servizos especiais nalgunha das administracións públicas.
- c) Ter prestado servizos en calquera Administración pública por un tempo mínimo de tres anos.

PROGRAMA

Estará constituído polo desenvolvemento teórico-práctico dos seguintes módulos:

- Módulo I. Aptitudes e habilidades para o traballo de inspector e subinspector de servizos.
- Módulo II. Técnicas de descrición e análise de procedementos administrativos.
- Módulo III. O Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA). Deseño conceptual. A súa arquitectura técnica. O papel da Inspección Xeral de Servizos no seu funcionamento.
- Módulo IV. Técnicas de dimensionamento de cadros de persoal, análise de cargas de traballo e estruturas administrativas. A avaliación do rendemento individual e de grupos de traballo ou equipos.
- Módulo V. Metodoloxía e técnicas de inspección operativa de servizos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos participantes no curso será realizada por unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidente: o director xeral da Inspección Xeral de Servicios.

Vocais: o director xeral-xefe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, o director xeral de Función Pública, o director xeral da Escola Galega de Administración Pública, o director do curso, un representante das organizacións sindicais presentes na mesa de negociación da Xunta de Galicia e o secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública, que fará de secretario da comisión, con voz, pero sen voto.

5ª Selección dos participantes.

A selección dos participantes faraa a comisión en dúas fases:

-Baremo de méritos.

-Entrevista persoal.

6ª Baremo de méritos.

Nos baremos valoraranse, ata un máximo de 6 puntos, os seguintes méritos adquiridos ata a data de publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.

A) Pertenza ós grupos A ou B:

Por pertencer ó grupo A: 2 puntos.

Por pertencer ó grupo B: 1 punto.

A pertenza a un ou outro grupo deberá ser certificada, segundo anexo II, polo responsable dos servicios de persoal de que dependa o solitante.

En caso de que unha persoa pertenza ós dous grupos, só se valorará a pertenza ó grupo A.

B) Experiencia en postos directivos nas administracións públicas; 0,50 puntos por cada 2 anos de exercicio de postos de xefatura, comprendendo só

os exercicios como xefe de servicio ou posto superior, cun máximo de 2 puntos.

Esta experiencia deberá ser certificada, segundo o anexo II, polo responsable dos servicios de persoal de que dependa o solicitante. As datas de referencia, a efectos do cómputo do tempo, serán as que figuren nas dilixencias de toma de posesión e de cesamento.

C) Experiencia en postos de traballo relacionados con tarefas de organización, racionalización e administración orzamentaria, de persoal e sistemas de información, tanto na Administración pública como na empresa privada: 0,50 puntos por cada ano ata un máximo de 2 puntos.

A experiencia desenvolvida na Administración pública deberá ser certificada, segundo o anexo II, polo responsable dos servicios de persoal de que dependa o solicitante. As datas de referencia, para efectos do cómputo do tempo, serán as que figuren nas dilixencias de toma de posesión e de cesamento.

A experiencia desenvolvida na empresa privada acredítase mediante a presentación de copia compulsada do correspondente contrato e/ou certificación da empresa na que consten a categoría profesional, as funcións desenvolvidas e a duración do contrato de traballo.

7ª Entrevista persoal.

A entrevista valorarase de 0 a 6 puntos e orientarase a determina-las condicións intelectuais e profesionais, calidades humanas e idoneidade dos aspirantes para o desenvolvemento dos postos de inspector e subinspector de servicios, para este efecto a comisión de valoración formularalle ó aspirante as preguntas que estime procedentes sobre a

estructura, contido e conclusións da memoria presentada.

3. DATOS EDICIÓNS

488001		
LOCALIDADE: SEN DATOS		INICIO / FIN: 01/04/1995 a 31/05/1995
NUM. PRAZAS: 25	ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	DATA EXAME:
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		